

Ana Paula Tavares, Mariasun Landa e Ana Romaní falarán da súa obra na Real Academia

O poeta Antonio Gamoneda estará en abril no Encontro Cidade da Coruña

M.G.M. > A CORUÑA

■ A cuarta edición do Encontro Cidade da Coruña recollerá a reflexión dos autores Ana Paula Tavares, Mariasun Landa, Ana Romaní e Antonio Gamoneda, nunha cita que incluírá a lectura das súas obras e un posterior coloquio na Real Academia Galega.

Eles pensarán en alto sobre a cuestión de seren escritores na súa terra. Por iso, a primeira en saír á palestra, a angoleña Tavares virá á cidade o vindeiro 30 de marzo para contar a súa experiencia de ser poeta e africana, á vez, un oficio que non puido desenvolver ata que o seu país alcanzou a independencia.

A súa testemuña dará paso a posta en escena da vasca Mariasun Landa, o 6 de abril, que conta con libros traducidos ao galego e unha ampla listaxe de visitas a Galicia. Ela falará de ser escritora en Euskadi dentro da charla "Creación, Lingua e Identidade".

Premio Andersen > A concelleira de Cultura, María Xosé Bravo, lembraba que Landa gañou o premio Andersen de literatura infantil. Ademais, Ana Romaní estará o 13 de abril para falar de "Vagar nos lindes. Tirar da pel".

Dinamizadora cultural tanto no eido profesional coma no persoal, a que repensou a impronta galega no programa radiofónico "Diario cultural" e na revista "Festa da palabra silenciada", compartirá as súas inquedanzas pola creación despois de consolidar coa súa escrita os camiños abertos por Xohana Torres e María Xosé

Os autores reflexionarán nas charlas sobre o feito de escribir nun lugar e no seu idioma

Queizán. Contaba o presidente da Asociación de Escritores en Lingua Galega, Cesáreo Sánchez, que Romaní mantivo sempre no seu programa un espazo para a literatura galega aínda nos momentos máis duros. A súa participación servirá para achegarse ao feito de ser muller e creadora en galego.

A última das presenzas ten que ver con todo un referente na literatura. Antonio Gamoneda clausurará o encontro o 29 de abril con "Da natureza e a xeración do pensamento. Linguaxe poética", onde dará conta da súa extensa obra como das reflexións que revertern a poesía, non tanto como un xénero, senón coa condición de ser unha forma de comunicación, un pensamento real dentro dunha realidade. Gamoneda defende a lírica como lonxana á ficción.

O premio Cervantes posicionárase nunha cita que rematará coa entrega dunha peza escultórica ao poeta en recoñecemento da súa traxectoria nas letras.

Sánchez dicía que a súa aportación á escrita "revelounos o terrible segredo do que aconteceu" despois da guerra e "enlaza con 'Sentires', de Pimentel" para conectar cos novos valores e ler en



Cesáreo Sánchez e María Xosé Bravo presentaron onte o programa

galego. O responsable destacaba a súa relación co idioma e os escritos nos que fala del. Os catro protagonistas farán a cuarta edición das xornadas para ubicar a súa literatura nun lugar e nun tempo. Todas as conferencias terán lugar ás oito da tarde.

Nesta edición, coincide que son tres as voces que proveñen da poesía, algo que non foi buscado, segundo Sánchez, e que se completa cunha pluma que escribe aos máis cativos en euskera. Bravo sinalaba que catro anos organizando o evento son suficientes para darlle a etiqueta de consolidado, coa colaboración da Real Academia Galega, que cede a súa sede para funcionar de soporte. A actividade extenderase ata o mes de abril por tratarse do mes do libro e a entrada será libre ata completar o aforo.

Un paso para adiante no proxecto do Circe

■ A concelleira de Cultura, María Xosé Bravo, falaba onte da necesidade de que o Ministerio de Cultura cumpra o seu compromiso para levantar o Centro Internacional de Recursos de las Culturas Europeas (Circe) despois da paralización do proxecto: "Cómpre que Galicia reciba unha cantidade equiparable a outras cidades do estado". Tildaba o feito de retomar o proxecto como boa nova: "Iremos vendo os prazos, se se vai a licitar o edificio e a súa rehabilitación é un paso para adiante" e significa, segundo a edil, que non está parado o que será "un lugar de encontro para o pensamento".